

CONCURSO DE RELATO CURTO DE TERROR

BASES

1º) Poderán participar no **Concurso de Relato Curto de Terror** todo o alumnado do IES A Xunqueira I, calquera que sexa o seu curso, en tres modalidades:

- a) Modalidade 1: Alumnado de 1º e 2º de ESO
- b) Modalidade 2: Alumnado de 3º e 4º de ESO
- c) Modalidade 3: Alumnado de Bacharelato

2º) **Deberán presentarse relatos orixinais escritos en castelán, galego, inglés ou francés.**

3º) Independentemente do número de relatos presentados por cada alumno ou alumna, só resultará premiado un relato por modalidade.

4º) **O alumnado que desexe optar ao premio poderá presentar a súa obra desde a data de publicación destas bases ata as 23:59 horas do venres 25 de outubro de 2024.**

5º) Os relatos presentados deberán escribirse na propia aula, coa supervisión do profesor ou profesora correspondente.

6º) Os relatos deberán estar escritos a man e ao final do texto deberá incluírse o nome e apelidos do autor ou autora e o curso e grupo ao que pertenza.

7º) A extensión do relato non superará o folio polas dúas caras.

8º) **O xénero dos relatos presentados deberá ser de terror, fantasía ou misterio. E dado que o tema eixo deste ano da biblioteca son as árbores (“Un mundo de árbores”), a inclusión deste elemento na historia será valorado moi positivamente.**

9º) O xurado estará composto por **membros do Equipo de Biblioteca**. Advírtese que a elección será obxectiva e non estará condicionada por quen é a persoa que escriba o texto. Valorarase a orixinalidade e a boa redacción e corrección lingüística.

10º) A decisión final do xurado será comunicada polos medios adecuados ao autor ou autora do texto. Farase pública como moi tarde o día **29 de outubro**.

11º) **A entrega de premios será o mércores 30 de outubro, no recreo, na biblioteca.**

PREMIOS:

Gañador/a da Modalidade 1: Vale regalo para compra nunha librería de Pontevedra.

Gañador/a da Modalidade 2: Vale regalo para compra nunha librería de Pontevedra.

Gañador/a da Modalidade 3: Vale regalo para compra nunha librería de Pontevedra.